



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 25/01/2026

TIPOLOXÍA: CHUVIAS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: VERMELLO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín emitido o día 25/01/2026 ás 11:03 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **CHUVIAS** de nivel de alerta **VERMELLO** por precipitación acumulada de mais de **150 mm en 12 horas** no ámbito xeográfico **PONTEVEDRA (Interior)** dende as **primeiras horas da mañá do luns 26**.

Durante o nivel de alerta VERMELLO é recomendable a activación do Plan de Emerxencias Municipal do concello (PEMU) ou do Plan de Actuación Municipal ante inundacións en caso de telo.

AEMET informa, no mesmo boletín, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **CHUVIAS** de nivel de alerta **LARANXA** por precipitación acumulada de mais de **80 mm en 12 horas** nos ámbitos xeográficos **OURENSE (Noroeste, Miño e Sur)** dende as **primeiras horas da mañá do luns 26**, sendo probable que na zona da **BAIXA LIMIA** acaden puntualmente valores de ata **150 mm en 12 horas**.

Ademais, AEMET informa no boletín de fenómenos adversos de nivel **AMARELO** de **CHUVIAS** dende as **primeiras horas da mañá do luns 26** por precipitacións acumuladas de **15 mm en 1 hora** en **A Coruña (Interior), Ourense (Noroeste, Miño, Sur) e Pontevedra (Interior)** e de ata **50 mm en 12 horas** en **toda a provincia de A Coruña, Lugo (Centro, Montaña, Sur), Ourense (Montaña) e Pontevedra (Rías Baixas, Miño)**.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



EDICIÓN ANUAL

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia
Avd. Da Cultura s/n - CP 36680 A Estrada Pontevedra
Teléfono 112

112galicia@xunta.es
www.axega112.gal



Autorizo o uso da información e a súa reprodución ou distribución citando ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia como fonte da mesma